

Se tes entre 9 e 13 anos, compartes o espírito aventureiro de Lara Croft, a paixón de Verne e a curiosidade científica de Hawking, este é o teu clube. Reunirémonos cada quince días, os xoves ás 18:30 na Biblioteca Forum e os sábados ás 17:30 na Biblioteca infantil para abordar os temas máis interesantes e divertidos da ciencia.

Ademáis estaremos en contacto con vós a través de HAL.

Queres coñecernos?, APÚNTATE

NEUROQUÍMICA

Comezamos o ano meténdonos de cheo no cerebro da verdadeira mente pensante do CCI. HAL. Viaxaremos, xunto cos nosos axentes especiais, a través da rede e descubriremos os segredos que fan de HAL a intelixencia artificial máis potente do mundo mundial. Aprende a utilizar mellor o ordenador e Internet. Só aquí, no teu clube.

SOMOS QUÍMICA

Hai quen di que estamos feitos de soños, pero en realidade estamos feitos do mesmo material que as estrelas. Somos Química e por iso no ano Internacional das “probetas e mezcolanzas” coñecerémonos mellor a nós mesmos tanto por dentro como por fora. OÍDO COCIÑA?

SOMOS CI-FI

Robots xigantes, viaxes alucinantes, monstros impresionantes, vehículos para navegantes,... froito de mentes pensantes. Mundos “irreais” de tódalas cores e sabores. Coñecer a Ciencia ficción, non é nada diCI-Fil.

HAL en [HTTP://CCI-BIBLIO.BLOGSPOT.COM](http://CCI-BIBLIO.BLOGSPOT.COM)

¿QUI-CI-FI-ROL?

Colle unha batidora, mete dentro aspectos relacionados coa Ciencia, xogos de cartas, exposicións, partidas de Rol e moitas ganas de pasalo ben. Remexeo todo con moito humor e xa está. A partida de Rol máis divertida e interesante a que xogaches nunca.

QUÍMICA NA RÚA

Neste “Ano Internacional da Química” participaremos de maneira activa, unha vez máis, no “Día da Ciencia na Rúa”. Desfrutaremos, riremos e abraiaremos a todo o mundo coa nosa química detrás dos experimentos.

QUEIXIMICA

Como broche final a un CCI ligado os ácidos e as bases atoparemos a “solución” verdadeira á incognita leiteira. Tede coidado, porque hai queixer moi habilidoso para facer do leite un produto cremoso.

DÍA	ACTIVIDADE
	BIBLIOTECA FORUM
10 Feb	Neuroquímica
24 Feb	Somos química I
10 Mar	Somos química II (saída)
24 Mar	Somos Ci-Fi I
07 Abr	Somos Ci-Fi II (saída)
28 Abr	¿Qui-Ci-Fi-Rol?
07 Mai	Química na rúa (saída)
14 Mai	Queiximica (saída)
DÍA	ACTIVIDADE
	BIBLIOTECA INFANTIL
10 Feb	Neuroquímica
26 Feb	Somos química I
10 Mar	Somos química II (saída)
26 Mar	Somos Ci-Fi I
07 Abr	Somos Ci-Fi II (saída)
30 Abr	¿Qui-Ci-Fi-Rol?
07 Mai	Química na rúa (saída)
14 Mai	Queiximica (saída)

Para vir a tódalas sesións so tes que apuntarte. Podes facelo presencialmente ou chamándonos por teléfono.

Hai un máximo de 20 participantes por biblioteca. Se sodes máis solicitantes que prazas farase un sorteo.

Unha vez apuntado/a recibirás mensaxes informativos no móbil para asistir as sesións.

Se tes algunha dúbida non te cortes e pregunta aos nosos axentes especiais ou a Hal en:

[HTTP://CCI-BIBLIO.BLOGSPOT.COM](http://CCI-BIBLIO.BLOGSPOT.COM)

BIBLIOTECAS CCI

Infantil e Xuvenil

R/Durán Loriga, 10-Baixo – 15003

Tfno: 981 184388

MAIL: binfantil@coruna.es

Forum Metropolitano

R/Río Monelos, 1 – 15006

Tfno: 981 184298

MAIL: bforum@coruna.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CLUBE DE CIENCIA E INVESTIGACIÓN



THE CI-FI, HORROR QUÍMICA SHOW